



# CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)  
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71  
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · www.concellodacapela.es

## **BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 26 DE XANEIRO DE 2015**

### **ASISTENTES:**

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

### **CONCELLEIROS/AS:**

D.<sup>a</sup> MARINA BOUZA COUCE

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO

D. FERNANDO VILAR DÍAZ

D.<sup>a</sup> DELIA PAZ ARDAO

**SECRETARIO:**

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesións desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día vinte e seis de xaneiro de dous mil quince baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

Non asisten á sesión D. Francisco Javier Bouza Bermúdez, e D<sup>a</sup> Olga María Blanco Teijeiro.

### **1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA EN DATA 27 DE DECEMBRO DE 2014. ACORDO QUE PROCEDA.**

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e sete de decembro de dous mil catorce.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que na páxina 2 da acta cando se preguntou pola posibilidade de que o concello contratara persoal para levar o servizo de dependencia a resposta foi única e exclusivamente que o concello non podía contratar persoal.

Non se formulando ningún outro tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

## **2. INICIO DE EXPEDIENTE DE CESIÓN GRATUÍTA DO BEN INMOBLE DENOMINADO ESCOLA DE GUITIRIZ Á ASOCIACIÓN DO PATRONATO DO MUSEO ETNOGRÁFICO DA CAPELA. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente do expediente instruído para a cesión gratuita do ben inmovible denominado Escola de Guitiriz, previa solicitude da Asociación do Patronato do Museo etnográfico da Capela; dí o Sr. Alcalde que o asunto xa foi informado favorablemente na derradeira Comisión informativa de asuntos do pleno.

Sendo as dez horas e cinco minutos, incorpórase á sesión plenaria a Sra. Concelleira D.<sup>a</sup> Delia Paz Ardao.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, remítese ao xa manifestado polo seu grupo na Comisión informativa de asuntos do pleno, e sinala que en todo caso polo Concello debe contratarse un seguro que cubra os danos no inmovible antes da súa cesión.

Pola voceira do Grupo Mixto - BNG, D.<sup>a</sup> Delia Paz Ardao, dise que se debe de dotar de auga ao inmovible e que en todo caso se asine algún tipo de documento coa persoa que ofrece o subministro de auga para o edificio.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión que representa a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, adopta o seguinte acordo:

1º. Iniciar o expediente para ceder gratuitamente o ben inmovible denominado "Escola de Guitiriz" a favor da Asociación do Patronato do Museo etnográfico da Capela. Dita cesión gratuita instrumentarase a través do correspondente convenio.

2º. Someter o expediente a información pública, polo prazo de 20 días mediante anuncio que se publicará no Boletín oficial da Provincia, a fin de que os interesados presenten as alegacións que estimen oportunas.

3º. Dar conta do expediente á Vicepresidencia, Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

## **3. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 1/2015. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos 1/2015, por importe de 39.583,03€ que correspondente ao convenio asinado coa Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento do subministro denominado "Tractor compacto con trituradora de 180 para a limpeza de vías municipais e trituradora de 130 para a limpeza de parques e xardíns.

O expediente de modificación de créditos articularase a través da correspondente xeración de créditos mediante suplemento de créditos na partida 2015.1531.62300.

Polos voceiros dos Grupos Municipais do Partido Popular, AIAC e Mixto - BNG, dise que non hai nada que obxectar ao expediente de referencia, en todo caso remitense ao xa manifestado na Comisión informativa de Asuntos do Pleno.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o expediente de modificación de créditos número 1/2015, pola modalidade de xeración de crédito con cargo a novos ingresos, de acordo co seguinte cadro:

CAPITULO	CONSIGNAC. INICIAL	XERACIÓN DE CRÉDITO	TOTAL CONSIG. RESULT.
I GASTOS PERSOAL	323.231,24 €		323.231,24€
II GASTOS BENS CORRENTES	574.426,72€		574.426,72€
III. GTOS FINANCIEROS	0,00€		0,00€
IV TRANSF. CORRENTES	23.000,00€		23.000,00€
VI INVESTIMENTOS REAIS	179.342,04€	39.583,03€	218.925,07€
VII TRANSF. CAPITAL	0,00€		0,00€
VIII ACTIVOS FINANCIEROS	0,00€		0,00€
IX PASIVOS FINANCIEROS	0,00€		0,00€
TOTAL	1.100.000,00€	39.583,03€	1.139.583,03€

2º. Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello, polo prazo de quince días hábiles, aos efectos de reclamacións.

3º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva no BOP.

#### **4. PROXECTO DA OBRA 'MELLORA DA REDE DE ALUMEADO PÚBLICO EN AS NEVES, MOURENTE, VILASUSO E OUTROS'. POS 2015. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA**

Dase conta polo Sr. Alcalde- Presidente que como consecuencia do requirimento formulado pola Deputación Provincial da Coruña, foi necesario modificar a

denominación do Proxecto do POS 2015, que queda nominado do seguinte xeito: " Mellora da rede de alumeado público en As Neve, Mourente, Vilasuso e outros".

Polo voveiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise que se trata dun tema técnico e que polo tanto non hai nada que obxectar.

Polos voceiros dos Grupos Municipais de AIAC e Mixto - BNG, D. Marcos Rodríguez Calvo e D.<sup>a</sup> Delia Paz Ardao, remítense ao xa manifestado na Comisión informativa de Asuntos do Pleno.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres./Sras Concelleiros/as, asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o proxecto da obra denominado "Mellora da rede de alumeado público, en As Neves, Mourente, Vilasuso e outros", que ascende á cantidade de 40.601,85€.

2º. Remitir certificado de acordo plenario á Deputación da Coruña, aos efectos oportunos.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas doce minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,

Manuel Meizoso López

O Secretario,

José A. Meizoso Paz